

INFORMACIÓN SOBRE OS OBRADOIROS DE PORTUGUÉS

O Concello de Santiago coa colaboración da Associação Galega da Língua (AGAL) ofrece 20 obradoiros de portugués aos centros de ensino.

A finalidade desta actividade é mostrar a alumnos e alumnas do noso sistema educativo que o galego é unha entrada privilexiada para acceder ao mundo en portugués e a nosa vantaxe competitiva no marco español e europeo.

Segundo o alumnado destinatario, impartiranse tres versións:

- **OPS! SECUNDARIO**, *O Português Simples*, para alumnos/as a partir dos 12 anos (ESO, bacharelato, FP, ensino de adultos...)
- **SABEMOS PORUGUÉS**, para alumnos/as que xa realizaran os OPS!
- **OPS! PRIMARIO**, *O Mundo do INHO*, para alumnos/as do terceiro ciclo de primaria (5º e 6º).

Lugar e temporización:

Os 20 obradoiros desenvolveranse nos centros de ensino do Concello de Santiago de Compostela que os soliciten.

Cada obradoiro terá unha duración de 100 minutos (dúas clases de 50 minutos seguidas).

Os centros poden indicar os horarios e días que máis lles conveñan entre o 20 de outubro e o 13 de decembro inclusive. O calendario definitivo comunicárase despois de rematar o prazo de inscrición e unha vez encaixados os pedimentos que formulen os centros

Materiais que deberá achegar o centro:

- Fotocopias
- Computador para a presentación en Office Impress e vídeos.
- Altofalantes e proxector.

Relatores:

A persoa responsábel polo obradoiro vaise expresar en portugués de Portugal e incidirá en que o galego é unha vantaxe para facilitar o entendemento mutuo. A presenza do(a) docente responsábel da clase durante a actividade é imprescindible. Os relatores son:

- Graciela Lois Río
- Loira Martínez Rey
- Henrique Martins

Metodoloxía:

A interacción cos alumnos e as alumnas é alta facilitando a súa participación para integraren os diferentes aspectos e ideas-forza da actividade.

O número de alumnos e alumnas ideal para os OPS! Secundario é de 20-40, no entanto, para o OPS! Primario é de 15 a 20. Cómpre ter isto en conta para considera os posibles agrupamentos de aulas. En calquera caso sempre se acollerá un grupo-aula enteiro, aínda que o número de membros supere o ideal.

Programa:

OPS! SECUNDARIO. O Português Simples
Unidade 1. Temos moito que gañar
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Mostrar a vantaxe competitiva da Galiza en relación á Lusofonía. ✓ Mostrar o que a Lusofonía representa en termos xeográficos, culturais e económicos. ✓ Tomar consciencia do que sabemos e descoñecemos respecto aos países que falan portugués. ✓ Mostrar o que a poboación galega pode gañar sabendo portugués.
Unidade 2. Ler está ao alcance dos teus ollos (ortografía)
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Mostrar que as palabras e as letras poden ser lidas de distintas formas. ✓ Mostrar como se len á galega as letras do alfabeto portugués non presentes na ortografía da lingua galega.
*Unidade 3. Sabemos moito, mais non nos debemos confiar (léxico/gram)
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Mostrar a nosa vantaxe competitiva en termos de comprensión escrita (gramática e léxico). ✓ Mostrar que a maioría do léxico é común. ✓ Advertir das dificultades léxicas: sinónimos, falsos amigos, palabras modernas, anglicismos.
Unidade 4. Podes aprender ti mesmo(a)
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Fornecer recursos para os alumnos e alumnas seren autónomos na aprendizaxe. ✓ Fornecer recursos culturais (música, cinema, xornais, ebooks, xogos) para que se mergullen no mundo en portugués.

*Entre a unidade 2 e 3 xogaremos a encher ocos na letra dunha canción brasileira.

OPS! PRIMARIO. O mundo do INHO
<p><u>Obxectivo específico:</u> Facilitar a lectura de textos escritos coa ortografía portuguesa descubrindo correspondencias entre os sons do galego oral.</p>
1. Que ides aprender con estas actividades? Explicación de obxectivos.
<p>Nun pequeno diálogo de poucos minutos, presentaranse os obxectivos da sesión. Deberase introducir a idea da proximidade entre a variedade galega e as lusófonas no plano oral, así como as oportunidades que iso supón.</p>
2. Cando eu sexa grande, quero ser... Actividade de comprensión oral.
<p>A clase escoitará uns pequenos monólogos en portugués brasileiro describindo as características dunha serie de profesións. Establecerase un pequeno diálogo no que se posicionen con respecto á variedade brasileira (similitudes, diferenzas) e á actividade realizada.</p>
3. Vamos xogar en equipas!
<p>A aula divídese en pequenos grupos para traballarmos con cuestións ortográficas que teñen que ver cos textos orais que acabaron de escoitar. A competición vai ser a chave para o fomento da coaprendizaxe.</p>

4. Comparación entre códigos fonográficos (ortografías).
Cada grupo identificará (subliñando) en cadanseu texto as palabras que se din igual pero que se escriben de xeito diferente a como se fai na Galiza.
5. Descuberta de regras (claves) de facilitación da lectura dos textos.
Traballando coas listas de palabras elaboradas na actividade 4, cada grupo deberá establecer grupos de palabras. Defínese o agrupamento feito e o criterio escollido e establécese unha regra de correspondencia de lectura.
6. Segmentación e lectura de palabras.
Co obxectivo de pór en práctica as regras inducidas na actividade 5, cada grupo deberá segmentar, dentro dunha secuencia de letras, palabras presentes nos textos traballados. Coas palabras segmentadas deberase elaborar unha lista mantendo a orde da secuencia, que despois deberá ser lida.
7. Lectura competitiva.
Cada grupo recibirá un pequeno conto escrito en padrón internacional e terá un tempo limitado para preparar a súa lectura. Acabado ese tempo, cada representante deberá ler o texto e a lectura realizada será avaliada polos restantes grupos.

#sabemosportuguês
O obradoiro ten como obxectivo instalarnos no portugués. Os seus focos son: <ul style="list-style-type: none">✓ A correspondencia entre a escrita do galego e do portugués.✓ Coñecer e traballar as marcas fonéticas máis marcantes do portugués de Portugal e do Brasil.✓ Ouvir audicións con diferentes acentos.✓ Coñecer a fortaleza da área patrimonial e a fraqueza dos falsos amigos e os calcos no campo do léxico.

Inscripción:

Ata o 5 de outubro, por correo electrónico dirixido ao Departamento de Lingua Galega do Concello de Santiago: dlg@santiagodecompostela.gal

É imprescindible indicar:

- nome do centro
- nome e teléfono da(s) persoa(s) de contacto para a actividade
- curso e número de alumnos/as que inclúe o grupo
- día (entre o 20 de outubro e o 13 de decembro) e hora (de inicio e remate) na que desexan realizar o obradoiro.